



## ANEXO I. FICHEIRO DE CATÁLOGO





## 1. FICHEIRO DE ELEMENTOS DECLARADOS BEN DE INTERESE CULTURAL

Conxunto Histórico-Artístico de Mondoñedo


Catedral de Mondoñedo (Incluída no Ficheiro de edificios)

Camiño de Santiago. Camiño do Norte (ruta da costa)

Cruceiros, escudos, brasóns e pedras heráldicas de máis de 100 anos (Decreto 571/1963)

(Incluídos no Ficheiro de elementos do espazo público)





ÁMBITO DO PLAN ESPECIAL




ÁMBITO BIC

CONTORNO DE PROTECCIÓN BIC

TRAZADO CAMIÑO DE SANTIAGO

**BENS DE INTERESE CULTURAL**











# CONCELLO DE MONDOÑEDO

## PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE MONDOÑEDO. PE-1



### CATALOGACIÓN DE UNIDADES EDIFICATORIAS E ELEMENTOS DE INTERESE

**ENDEZEZO:** ALAMEDA DOS REMEDIOS, RÚAS JOSÉ MARÍA PARDO, FEBREIRO, LENCE SANTAR, PRAZA DA CATEDRAL, RÚAS ÁLVARO CNQUEIRO, SAN ROQUE, MUIÑOS DE ARROBA, PASATEMPO, PARDO DE CELA, CASAS NOVAS, PASCUAL VEIGA, IMPRENTA E RÚA DO PUMAR  
**COORD. UTM DATUM ETRS89:**  
X: VARIAS  
Y: VARIAS

**NOME:** CAMINO DE SANTIAGO NORTE (RUTA DA COSTA)

#### DATOS INFORMATIVOS DO BEN

O Camiño de Santiago do Norte, Ruta da Costa, descorre dende os portos do Cantábrico no País Vasco, Cantabria e Asturias, a Galicia por Ribadeo e atravesa o concello de Mondoñedo. Ao chegar a Arzúa continúa a Compostela polo itinerario do Camiño Francés.

Ten a súa orixe no inicio das peregrinacións por parte dos reis astures e tivo grande relevancia ata a potenciación do Camiño Francés no século XII.

A súa delimitación, conforme ao establecido na Lei 3/96 de 10 de maio de Protección dos Camiños de Santiago, foi aprobada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria mediante Decreto 158/2014 de 27 de novembro. No concello de Mondoñedo conta con varias trazas, o trazado do Camiño propiamente dito, os trazados complementarios e os trazados con vestixios históricos.

No ano 2015 foi incorporado, xunto co resto de rutas do norte (ruta primitiva, ruta do interior e ruta de Liébana) á Lista do Patrimonio Mundial da Unesco en data 05.07.2015 como unha extensión da Ruta do Camiño de Santiago (Camiño Francés) que pasa a denominarse Rutas do Camiño de Santiago: Camiño Francés e Rutas do norte, polo que pasan a ser consideradas B.I.C. segundo a lexislación de patrimonio. Os diferentes trazados que percorren o ámbito do Plan Especial componse cos seguintes tramos: Camiño Ribadeo □ Mondoñedo; Tramo A Voltiña – Mondoñedo (Praza da Catedral); Trazado con vestixios históricos Barrio de San Lázaro – Mondoñedo (Praza da Catedral); Mondoñedo (Praza da Catedral) – Monte de Santa Cruz; Trazado complementario Mondoñedo □ Gontán. Co obxecto de protexer os elementos vinculados ao Camiño no seu contorno máis próximo: os valos e noiros que definen os seus límites, a vexetación, os sistemas de cultivos, as construcións tradicionais, os espazos públicos e, en xeral, calquera outro elemento de valor relacionado coa traza do Camiño, delimitase o ámbito de protección do territorio histórico do Camiño. Por outra banda esta delimitación ten por obxecto a protección da paisaxe inmediata ao Camiño e das vistas sobre a paisaxe máis afastada.

#### . Camiño de Ribadeo a Mondoñedo

Tramo Encima da Vila – Mondoñedo (Praza da Catedral). No casco histórico de Mondoñedo o ámbito de protección engloba a súa zona central, comprendendo a totalidade das edificacións situadas no entorno da Praza da Catedral e o Seminario de Santa Catalina.

A delimitación do ámbito do territorio histórico do Camiño no casco histórico de Mondoñedo inclúe totalmente o ámbito de protección definido na declaración de Ben de Interese Cultural, na categoría de conxunto histórico, da cidade antiga de Mondoñedo (Decreto 91/1985 de 2 de maio).

#### . Camiño Mondoñedo - Vilalba

Mondoñedo (Praza da Catedral) – Monte de Santa Cruz. A delimitación do territorio histórico do trazado que sae da Praza da Catedral cara a Vilalba colle parte das edificacións das mazás situadas ao norte das rúas Lence Santar, Pacheco, Leiras Pulpeiro e José María Pardo, nesta última zona a delimitación se amplía en dirección norte para incorporar o perímetro de protección do xacemento denominado Os Castros de Ferreira. Polo sur a delimitación comprende as parcelas situadas ao sur destas rúas, englobando a practica totalidade das edificacións situadas ao sur da vila.

Á saída do núcleo urbano o ámbito de protección inclúe a Alameda dos Remedios coa igrexa da Virxe dos Remedios, as parcelas situadas ao norte da estrada N-634a e as edificacións que dan fronte á avenida de Calvo Sotelo e á estrada dos remedios, así mesmo engloba o campo da feira dos Remedios coas parcelas e edificacións situadas no seu entorno.

Na memoria de delimitación do ben recóllense tamén un trazado complementario e outro con vestixios históricos.

#### DETERMINACIÓNS DE CATÁLOGO

ÁMBITO BIC	CUALIFICACIÓN ZONAL	ZONIFICACIÓN ARQUEOLÓXICA
<input type="checkbox"/> Declaración BIC Conxunto Histórico	<input checked="" type="checkbox"/> RI. Recinto intramuros	<input checked="" type="checkbox"/> ZONA A
<input type="checkbox"/> Zona de contorno BIC Conxunto Histórico	<input checked="" type="checkbox"/> AU. Areas urbanas históricas inmediatas	<input checked="" type="checkbox"/> ZONA B
<input checked="" type="checkbox"/> BIC individualizado	<input checked="" type="checkbox"/> LH. Lineais históricos periféricos	<input type="checkbox"/> EQ. Equipamentos
	<input type="checkbox"/> R. Rueiros	
	<input type="checkbox"/> BM. Barrio dos Muíños	

#### GRAO DE PROTECCIÓN

INTEGRAL

Decreto 158/2014 do 27 de Novembro. DOGA 245, 23 de Decembro de 2014.

No referente as natureza, protección e aos usos e actuacións permitidas estarase ao disposto no TÍTULO VI da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, que indica, no apartado primeiro do seu artigo 75 Protección dos Camiños de Santiago, que as rutas dos Camiños de Santiago que sexan incluídas, como ocorre coa ruta da costa do Camiño Norte, na Lista do Patrimonio Mundial da UNESCO terán a consideración de bens de interese cultural, así como terá, segundo artigo 10, a categoría de Territorio Histórico, cun nivel de protección Integral definido no artigo 41.a), e usos e actuacións autorizables determinadas polo artigo 42.1.




OFICINA DE PLANEAMENTO S.A.

# CONCELLO DE MONDOÑEDO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE MONDOÑEDO. PE-1




CATALOGACIÓN DE UNIDADES EDIFICATORIAS E ELEMENTOS DE INTERESE

## DOCUMENTACIÓN GRÁFICA



## DOCUMENTACIÓN FOTOGRÁFICA






## 2. FICHEIRO DE BENS ARQUEOLÓXICOS CATALOGADOS

Os Castros de Mondoñedo (GA 27030013)

Traza da antiga Muralla









OFICINA DE PLANEAMENTO S.A.

CONCELLO DE MONDOÑEDO  
PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO  
CONXUNTO HISTÓRICO DE MONDOÑEDO. PE-1  
CATALOGACIÓN DE UNIDADES EDIFICATORIAS E ELEMENTOS DE INTERESE



ENDEREZO: RÚA OS CASTROS, RÚA ROCHA DE VÉLEZ, ALAMEDA DOS REMEDIOS, TRAVESÍA CARLOS FOLGUEIRA

COORD. UTM DATUM ETRS89:

NOME: GA270300013 OS CASTROS DE MONDONEDO

X: 632.366

Y: 4.810.096

**DATOS INFORMATIVOS DO BEN**

A estrutura urbana da Cidade de Mondoñedo está fortemente caracterizada polo seu soporte físico. Emprazada entre o outeiro do asentamento castrexo dos Castros que a delimita polo noroeste e o pequeno macizo de Barbeitas que separa as concas do Valiñadares e do río Sixto e que constitúe o seu límite natural polo sur.

O xacemento está situado nun promontorio sobre o val de Mondoñedo, nun pequeno outeiro que hai entre os ríos Cesuras e Valiñadares, conta cunha xeoloxía de substrato pizarroso e abrangue unha superficie aproximada de 1 Ha., aparece implantado a unha cota máxima de 172 m.s.n.m. e cunhas dimensións dos eixes de 125 e 80 m. (na delimitación de 2010 recollida no traballo de Abel Vigo García).

A súa tipoloxía principal responde á dun asentamento fortificado/defensivo cunha adscripción cronolóxica cultural pertencente á Idade do Ferro (segundo consta no lote 08 dos traballos de xeolocalización e delimitación dos xacementos arqueolóxicos de Galicia do ano 2019 e dirixido polo arqueólogo Francisco Javier Chao Arana).

Trátase dun recinto castrexo próximo a un núcleo urbano que deforma a súa morfoloxía, non se aprecian estruturas defensivas naturais, unicamente aprécianse fortes desniveis naturais.

Na actualidade está moi alterado na súa superficie pola existencia de prados e cultivos de horta, así como construcións.

Bibliografía: Mayán (1962), (1975), (1994), Villaamil (1878).

**DETERMINACIÓNS DE CATÁLOGO**

ÁMBITO BIC	CUALIFICACIÓN ZONAL	ZONIFICACIÓN ARQUEOLÓXICA
<input type="checkbox"/> Declaración BIC Conxunto Histórico	<input type="checkbox"/> RI. Recinto intramuros	<input checked="" type="checkbox"/> ZONA A
<input checked="" type="checkbox"/> Zona de contorno BIC Conxunto Histórico	<input type="checkbox"/> AU. Áreas urbanas históricas inmediatas	<input type="checkbox"/> ZONA B
<input type="checkbox"/> BIC individualizado	<input type="checkbox"/> LH. Lineais históricos periféricos	
	<input type="checkbox"/> R. Rueiros	
	<input type="checkbox"/> BM. Barrio dos Muíños	
	<input type="checkbox"/> EQ. Equipamentos	

**GRAO DE PROTECCIÓN**

GRAO DE CAUTELA I

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Mondoñedo vixente inclúe no seu Catálogo os elementos suxeitos a protección diferenciando os Bens de Interese Cultural, dos elementos catalogados polo Plan Especial de Reforma Interior do Conxunto Histórico-Artístico de Mondoñedo e daqueles outros cunha protección que devén directamente das determinacións do propio Plan Xeral. Así, entre os elementos catalogados polo Plan Xeral ao interior do ámbito atopamos o seguintes:

Depósitos arqueolóxicos e Castros  
GA 270300013 Os Castros de Mondoñedo

O ámbito definido aparece integrado na zona verde de sistema xeral ZV-07 Parque dos Castros, que deberá ser desenvolvido mediante un Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións e un Proxecto de Acondicionamento.

No capítulo III da Normativa, artigos do 41 ao 45 , recóllese os parámetros e medidas de protección e de usos e actuacións permitidas, para unha correcta conservación do patrimonio arqueolóxico contido no Plan Especial, tamén estarase ao disposto no Título VII, Capítulo IV da LPCG (Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia) no referido a cuestións como a natureza, protección e titularidade do ben catalogado, as autorizacións e responsabilidades na realización de actividades arqueolóxicas, a conservación das estruturas arqueolóxicas así como todo o referente aos achados que se puideran atopar.




OFICINA DE PLANEAMIENTO S.A.

# CONCELLO DE MONDOÑEDO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE MONDOÑEDO. PE-1





CATALOGACIÓN DE UNIDADES EDIFICATORIAS E ELEMENTOS DE INTERESE

## DOCUMENTACIÓN GRÁFICA



## DOCUMENTACIÓN FOTOGRÁFICA







OFICINA DE PLANEAMIENTO S.A.

# CONCELLO DE MONDOÑEDO

## PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE MONDOÑEDO. PE-1



### CATALOGACIÓN DE UNIDADES EDIFICATORIAS E ELEMENTOS DE INTERESE

ENDEREZO: PRAZA DA CATEDRAL, RÚA DA PONTE, RÚA FEBREIRO, TRAVESA CASAS NOVAS E RÚA FONTEVELLA

COORD. UTM DATUM ETRS89:

NOME: RESTOS DA ANTIGA MURALLA

X: VARIAS  
Y: VARIAS

#### DATOS INFORMATIVOS DO BEN

Respecto da existencia dun muro ou cerca arredor da cidade de Mondoñedo a primeira noticia (González Paz, 2007: 35-37), anterior ás obras de mellora e reconstrución do ano 1320, encontrámola en 1304, data na que Juan Froila de Pumarega deixa aos cóengos mindonienses dous soldados e medio sobre a súa praza, isto é, sobre o seu soar, situado na Rúa dos Ferreiros, na Porta da Vila, unha das seis coas que chegará a contar a cidade.

A Cidade organizase radialmente a partires da Catedral. A muralla cingue o conxunto nun círculo (forma máis compacta e máis defendible especialmente nun val). O carácter defensivo refórzase con algunha construción de tipo militar ou semellante. Esta cerca aproximábase á forma circular, e contaba con un total de seis portas: a da Fonte, a de Batitales (documentadas xa en 1320), a da Rúa Nova (xa en 1378), a da Rúa dos Ferreiros (xa en 1338), a da saída cara Cesuras (1312) e a Porta Pequena (1479) quizais na Rúa do Pomar.

Esta estrutura de defensa complementaríase coa presenza dunha torre documentada xa no século XIII (González Paz, 2007: 38-39), quizais situada na Rúa dos Ferreiros, coñecida xa no século XIV como Torre Vella e cuxas mencións coñecidas desaparecen a partir da segunda metade do século XV. A construción desta torre puido coincidir coa da igrexa-catedral, isto é, entre 1230 e 1250, e, malia que non existe documentación algunha sobre a súa estrutura, si se sabe que contaba cun valado ou muro que a circundaba e separaba do resto da cidade e que o acceso se realizaba a través dunha porta.

Así mesmo, dentro do propio recinto urbano, organizase un centro de poder, que tamén está fortificado (González Paz, 2007: 37-38), coñecido como "curral" que ven a supoñer unha pequena fortificación dentro da outra maior e que separa o denominado "locus eclesiástico" do resto da cidade.

O "curral" mindoniense xa existía en 1259, e protexía a sé eclesiástica, conformando un espazo arredor do edificio catedralicio, ocupando a parte frontal e posterior da igrexa-catedral, delimitado por unha cerca que no seu lateral sur coincidiría no seu traxecto co percorrido da vila, baixando despois pola actual Casa de Luaces, onde estaba a porta pola que saía o camiño a Cesuras. De aí baixaba atravesando a rúa da Praza ata a chamada Porta Pequena, onde xiraría á esquerda para cerrarse sobre si resgardando a cabeceira da catedral, máis ou menos na zona que hoxe ocupa o aparcadoiro do Seminario mindoniense.

A Vila logo vai superar este perímetro e os coidados sobre a muralla son cada vez menores co que se deteriora e cae ou se vai integrando nas construcións. O último que desaparece son as cinco portas de acceso, das seis e o Toriilón coas que contaba, que deixan de existir no século XIX. Desaparecida a muralla o núcleo urbano enlázase con núcleos extra muros. Despois do incendio na metade do XVI faciase preciso romper a muralla e déronse algúns permisos de edificación preto da cerca, usada a modo de balcón o solaina. En 1712 pídesse licencia para construír o Convento da Concepción, o que fixo preciso o derrubado da Porta de Batitales. En 1834 foi demolido o arco da Porta das Angustias e a Porta da Fonte proceso que culminou coa demolición da Porta da Rúa do Pumar en 1854. O antigo Torreón pegado a un dos lenzos do xardín episcopal tamén foi derrubado en 1836. É dicir, o que dera forma e identidade á cidade medieval, deu paso a unha cidade máis aberta, sen portas e sen ningunha tipo de corsé periférico que, sen dúbida, lle deu un aire máis moderno, incluso dende a mentalidade higienista da época que afectou a tantos muros urbanos daquela época.

Como xa se indicou os restos poderían atoparse polas actuais rúas e prazas a seguir: Praza da Catedral, Praciña da Peña de Francia, Rúa Lence Santar, Rúa Pardo de Cela, Pascual Veiga, Alfonso VII, Progreso, Pacheco e Noriega Varela.

#### DETERMINACIÓNS DE CATÁLOGO

ÁMBITO BIC	CUALIFICACIÓN ZONAL	ZONIFICACIÓN ARQUEOLÓXICA
<input type="checkbox"/> Declaración BIC Conxunto Histórico	<input checked="" type="checkbox"/> RI. Recinto intramuros	<input checked="" type="checkbox"/> ZONA A
<input type="checkbox"/> Zona de contorno BIC Conxunto Histórico	<input type="checkbox"/> AU. Areas urbanas históricas inmediatas	<input type="checkbox"/> ZONA B
<input checked="" type="checkbox"/> BIC individualizado	<input type="checkbox"/> LH. Lineais históricos periféricos	
	<input type="checkbox"/> R. Rueiros	
	<input type="checkbox"/> BM. Barrio dos Muíños	
	<input type="checkbox"/> EQ. Equipamentos	

#### GRAO DE PROTECCIÓN

GRAO CAUTELA I

No extremo sur da Praza da Catedral, no transcurso das obras de remodelación, no ano 2011, apareceron os alicerces dun pequeno tramo de 8 m de longo cun largo de 3 m. Pola necesidade de conservación da mesma procedeuse a documentar e tapar, novamente os restos, deixouse pegada deste no pavimento actual. Así pode verse un pavimento de granito e un de adoquín. A unión entre eles marca o lenzo exterior da muralla, sendo a parte granítica a zona xa extramuros de mondoñedo. A orientación que presenta a liña é a que tería en orixe, pero esta pérdese cara ao final da Praza na que se veu cortada pola localización das Peixeiros do antigo mercado que se xeraba cara a praza.




OFICINA DE PLANEAMENTO S.A.

# CONCELLO DE MONDOÑEDO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DO CONXUNTO HISTÓRICO DE MONDOÑEDO. PE-1



CATALOGACIÓN DE UNIDADES EDIFICATORIAS E ELEMENTOS DE INTERESE

## DOCUMENTACIÓN GRÁFICA



## DOCUMENTACIÓN FOTOGRÁFICA

PLANO DEL RECINTO AMURALLADO DE MONDOÑEDO



- |                            |                               |
|----------------------------|-------------------------------|
| 1 RUA DOS FERREIROS (3282) | 6) PORTA DA FONTE             |
| 2 RUA NOVA (3301)          | 7) PORTA DE BATALES           |
| 3 RUA DE BATALES (3302)    | 8) PORTA DA RUA NOVA          |
| 4 RUA DA ZAPATERIA (3303)  | 9) PORTA DA RUA DOS FERREIROS |
| 5 RUA DO PERÍXO (3308)     | 10) PORTA HACIA CESURAS       |
| 6 RUA DE SINDIN (3328)     | 11) PORTA PEQUENA             |
| 7 RUA DO FUMAR (3346)      |                               |
| 8 RUA DA MANTERÍA (3350)   |                               |
| 9 RUA DA FONTE (3378)      |                               |
| 10 RUA DA CIMA (3397)      |                               |
| 11 RUA DO JARDÍN (3429)    |                               |
| 12 RUA DA PRAZA (3434)     |                               |
| 13 IGLESIA CATEDRAL        |                               |

